

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032081	de Fene	Fene	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CBTMV01	Mantemento de vehículos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3009	Ciencias aplicadas I	2021/2022	6	175	210

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	BEATRIZ GRANDAL PÉREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título profesional básico en Fabricación e Montaxe consiste en realizar operacións básicas de mecanizado e montaxe para a fabricación mecánica con materiais férricos, non férricos e tecnoplásticos, así como para a instalación e o mantemento de elementos de redes de fontanaría, calefacción e climatización, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental

correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

Este módulo contribúe a alcanzar as competencias para a aprendizaxe permanente e contén a formación para que o alumnado sexa consciente tanto da súa propia persoa como do medio que o rodea.

Os contidos deste módulo contribúen a afianzar e aplicar hábitos saudables en todos os aspectos da vida cotiá.

Así mesmo, utilizan a linguaxe operacional das matemáticas na resolución de problemas de índole diversa, aplicados a calquera situación, tanto na vida cotiá como na vida laboral.

A estratexia de aprendizaxe para o ensino deste módulo, que integra ciencias como as matemáticas, a química, a bioloxía e a xeoloxía, enfócase aos conceptos principais e aos principios das ciencias, involucrando o alumnado na resolución de problemas sinxelos e na realización doutras tarefas significativas, e permítelle traballar de xeito autónomo para construír a súa propia aprendizaxe e culminar en resultados reais xerados por el mesmo.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos j), k), m) e n) do ciclo formativo e as competencias j), l) e m). Ademais, relaciónase cos obxectivos s), t), u), v), w), x), e

y), e coas competencias q), r), s), t), u), v), e w), que se incluírán neste módulo profesional de xeito coordinado co resto de módulos profesionais.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Números naturais, enteiros e potencias		27	12
2	Números Reais e Proporcionalidade		25	12
3	O laboratorio e a medida de magnitudes		15	8
4	A materia e a natureza		15	8
5	Mesturas e substancias puras		15	8
6	Manifestacións da enerxía		15	8
7	Álgebra e sucesións		20	8
8	Niveis de organización. Función de nutrición e excreción		15	8
9	Función de Relación		26	12
10	Función de reprodución. Saúde e enfermidade		12	8
11	Alimentación e saúde		25	8

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Números naturais, enteiros e potencias	27

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os tipos de números e utilízanse para interpretar adecuadamente a información cuantitativa
CA1.2 Realízanse cálculos con eficacia mediante cálculo mental ou mediante algoritmos de lapis e calculadora (física ou informática)
CA1.3 Utilízanse as TIC como medio de procura de información
CA1.4 Operouse con potencias de expoñente natural e enteiro aplicando as propiedades
CA1.5 Utilizouse a notación científica para representar números moi grandes ou moi pequenos e operar con eles

4.1.e) Contidos

Contidos
Recoñecemento e diferenciación dos tipos de números. Representación na recta real.
Utilización da xerarquía das operacións.
Notación científica. Representación e operacións de suma, resta, multiplicación e división.
Técnicas de procura de información coas tecnoloxías da información e da comunicación.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Números Reais e Proporcionalidade	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os tipos de números e utilízanse para interpretar adecuadamente a información cuantitativa
CA1.2 Realízanse cálculos con eficacia mediante cálculo mental ou mediante algoritmos de lapis e calculadora (física ou informática)
CA1.3 Utilízanse as TIC como medio de procura de información
CA1.6 Representáronse os números reais sobre a recta numérica
CA1.7 Caracterizouse a proporción como expresión matemática
CA1.8 Comparáronse magnitudes establecendo o seu tipo de proporcionalidade
CA1.9 Utilizouse a regra de tres para resolver problemas nos que interveñen magnitudes directamente e inversamente proporcionais
CA1.10 Aplicouse o xuro simple e composto en actividades cotiás

4.2.e) Contidos

Contidos
Recoñecemento e diferenciación dos tipos de números. Representación na recta real.
Utilización da xerarquía das operacións.
Interpretación e utilización dos números reais e das operacións en diferentes contextos.
Proporcionalidade directa e inversa. Regra de tres. Comparación de magnitudes.
As porcentaxes na economía.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O laboratorio e a medida de magnitudes	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO
RA2 - Recoñece as instalacións e o material de laboratorio e valóraos como recursos necesarios para a realización das actividades prácticas	SI
RA3 - Identifica propiedades fundamentais da materia nas formas en que se presenta na natureza, manexando as súas magnitudes físicas e as súas unidades fundamentais en unidades de sistema métrico decimal	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Utilizáronse as TIC como medio de procura de información
CA1.8 Comparáronse magnitudes establecendo o seu tipo de proporcionalidade
CA2.1 Identificáronse as técnicas experimentais que se vaian realizar
CA2.2 Manipuláronse adecuadamente os materiais instrumentais do laboratorio
CA2.3 Tivéronse en conta as condicións de hixiene e seguridade para as técnicas experimentais que se vaian realizar
CA3.1 Descríbóronse as propiedades da materia
CA3.2 Practicáronse os cambios de unidades de lonxitude, masa e capacidade
CA3.3 Identificouse a equivalencia entre unidades de volume e capacidade
CA3.4 Efectuáronse medidas en situacións reais utilizando as unidades do sistema métrico decimal e utilizando a notación científica

4.3.e) Contidos

Contidos
Normas xerais de traballo no laboratorio.
Normas de seguridade e hixiene no laboratorio.
Materiais de laboratorio: tipos e utilidade.
Técnicas experimentais. Manexo da instrumentación do laboratorio na realización de actividades prácticas.
Unidades de lonxitude, capacidade e masa no sistema métrico decimal: cálculos, equivalencias e medidas. Uso da notación científica.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A materia e a natureza	15

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO
RA3 - Identifica propiedades fundamentais da materia nas formas en que se presenta na natureza, manexando as súas magnitudes físicas e as súas unidades fundamentais en unidades de sistema métrico decimal	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Utilizáronse as TIC como medio de procura de información
CA3.5 Identificouse a denominación dos cambios de estado da materia
CA3.6 Identificáronse, con exemplos sinxelos, diferentes sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos
CA3.7 Identificáronse os estados de agregación nos que se presenta a materia e utilizáronse modelos cinéticos para explicar os cambios de estado
CA3.8 Identificáronse sistemas materiais en relación co seu estado na natureza
CA3.9 Recoñecéronse os estados de agregación dunha substancia dada a súa temperatura de fusión e de ebulición
CA3.10 Establecéronse diferenzas entre ebulición e evaporación utilizando exemplos sinxelos

4.4.e) Contidos

Contidos
Materia: propiedades.
Clasificación da materia segundo o seu estado de agregación e composición.
Estados de agregación: sólido, líquido e gasoso. Temperatura de fusión e de ebulición.
Sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos. Estados de agregación dos materiais na natureza.
Natureza corpuscular da materia. Cambios de estado e modelos cinéticos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Mesturas e substancias puras	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO
RA4 - Utiliza o método máis adecuado para a separación de compoñentes de mesturas sinxelas en relación co proceso físico ou químico en que se basea	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Utilizáronse as TIC como medio de procura de información
CA4.1 Identificouse e describiuse o que se considera substancia pura e mestura
CA4.2 Establecéronse as diferenzas fundamentais entre mesturas e compostos
CA4.3 Discrimináronse os procesos físicos e químicos
CA4.4 Seleccionáronse, dunha listaxe de substancias, as mesturas, os compostos e os elementos químicos
CA4.5 Aplicáronse de xeito práctico diferentes separacións de mesturas por métodos sinxelos
CA4.6 Descríbonse as características xerais básicas de materiais en relación coas profesións, utilizando as TIC
CA4.7 Traballouse en equipo na realización de tarefas

4.5.e) Contidos

Contidos
Substancias puras e mesturas: identificación, descrición e diferenciación.
Substancias puras: elementos e compostos. Táboa periódica.
Técnicas básicas de separación de mesturas no laboratorio. Procesos físicos e químicos que interveñen.
Características básicas dos materiais relacionados co perfil profesional.
Traballo en equipo: repartición de tarefas, normas, orde e elaboración de informes.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Manifestacións da enerxía	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO
RA5 - Recoñece como a enerxía está presente nos procesos naturais, describindo fenómenos simples da vida real	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Utilizáronse as TIC como medio de procura de información
CA5.1 Identificáronse situacións da vida cotiá nas que se pon de manifesto a intervención da enerxía
CA5.2 Recoñecéronse diversas fontes de enerxía
CA5.3 Establecéronse grupos de fontes de enerxía renovable e non renovable
CA5.4 Amosáronse as vantaxes e os inconvenientes (obtención, transporte e utilización) das fontes de enerxía renovables e non renovables, utilizando as TIC
CA5.5 Aplicáronse cambios de unidades de enerxía
CA5.6 Amosouse, en diferentes sistemas, a conservación da enerxía
CA5.7 Descríbense procesos relacionados co mantemento do organismo e da vida nos que se aprecia claramente o papel da enerxía

4.6.e) Contidos

Contidos
Manifestacións da enerxía na natureza: fontes de enerxía e procesos en que esta intervén.
Fontes de enerxía renovable e non renovable: identificación. Vantaxes e inconvenientes de cada unha.
A enerxía na vida cotiá: identificación de situacións próximas.
Formas de enerxía e a súa transformación. Lei de conservación da enerxía.
Enerxía, calor e temperatura. Unidades máis habituais do Sistema Internacional.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Alxebra e sucesións	20

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO
RA9 - Resolve situacións cotiás, utilizando expresións alxébricas sinxelas e aplicando os métodos de resolución máis axeitados	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os tipos de números e utilízanse para interpretar adecuadamente a información cuantitativa
CA1.2 Realizáronse cálculos con eficacia mediante cálculo mental ou mediante algoritmos de lapis e calculadora (física ou informática)
CA1.3 Utilizáronse as TIC como medio de procura de información
CA9.1 Concretáronse propiedades ou relacións de situacións sinxelas mediante expresións alxébricas
CA9.2 Simplifícanse expresións alxébricas sinxelas utilizando métodos de desenvolvemento e factorización
CA9.3 Resolvéronse problemas da vida cotiá en que cumpra a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro grao
CA9.4 Resolvéronse problemas sinxelos utilizando métodos gráficos e as TIC

4.7.e) Contidos

Contidos
Recoñecemento e diferenciación dos tipos de números. Representación na recta real.
Utilización da xerarquía das operacións.
Progresións aritméticas e xeométricas.
Tradución de situacións da linguaxe verbal á alxébrica.
Transformación de expresións alxébricas. Operacións alxébricas de suma, diferenza, multiplicación e factor común.
Desenvolvemento e factorización de expresións alxébricas. Identidades notables.
Resolución de ecuacións de primeiro grao cunha incógnita.
Aplicación de métodos gráficos de resolución de problemas.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Niveis de organización.Función de nutrición e excreción	15

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO
RA6 - Localiza as estruturas anatómicas básicas discriminando os sistemas ou os aparellos aos que pertencen e asociándoos ás funcións que producen no organismo	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Utilizáronse as TIC como medio de procura de información
CA6.1 Identificáronse e describíronse os órganos que configuran o corpo humano, e asociáronse ao sistema ou ao aparello correspondente
CA6.2 Relacionouse cada órgano, sistema e aparello á súa función, e indicáronse as súas asociacións
CA6.3 Describiuse a fisioloxía do proceso de nutrición e identificouse a función das estruturas anatómicas dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor
CA6.6 Utilizáronse ferramentas informáticas para describir adecuadamente aparellos e sistemas

4.8.e) Contidos

Contidos
Niveis de organización da materia viva. Órganos, aparellos e sistemas. Relacións entre eles e as súas funcións.
Fisioloxía do proceso de nutrición: aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Función de Relación	26

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO
RA6 - Localiza as estruturas anatómicas básicas discriminando os sistemas ou os aparellos aos que pertencen e asociándoos ás funcións que producen no organismo	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Utilizáronse as TIC como medio de procura de información
CA6.5 Detallouse como funciona o proceso de relación e identificouse a función das estruturas anatómicas dos sistemas nervioso e endócrino
CA6.6 Utilizáronse ferramentas informáticas para describir adecuadamente aparellos e sistemas

4.9.e) Contidos

Contidos
Fisioloxía do proceso de relación: sistemas nervioso e endócrino.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Función de reprodución.Saúde e enfermidade	12

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO
RA6 - Localiza as estruturas anatómicas básicas discriminando os sistemas ou os aparellos aos que pertencen e asociándoos ás funcións que producen no organismo	NO
RA7 - Diferencia a saúde da doenza, relacionando os hábitos de vida coas doenzas máis frecuentes e recoñecendo os principios básicos de defensa contra elas	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Utilizáronse as TIC como medio de procura de información
CA6.4 Describiuse a fisioloxía do proceso de reprodución e identificouse a función das estruturas anatómicas do aparello reprodutor
CA6.6 Utilizáronse ferramentas informáticas para describir adecuadamente aparellos e sistemas
CA7.1 Identificáronse situacións de saúde e de doenza para as persoas
CA7.2 Describíronse os mecanismos encargados da defensa do organismo
CA7.3 Identificáronse e clasificáronse as doenzas infecciosas e non infecciosas máis comúns na poboación, e recoñecéronse as súas causas, a súa prevención e os seus tratamentos
CA7.4 Relacionáronse os axentes que causan as doenzas infecciosas habituais co contaxio producido
CA7.5 Describiuse a acción das vacinas, dos antibióticos e doutras achegas da ciencia médica para o tratamento e a prevención de doenzas infecciosas
CA7.6 Recoñeceuse o papel das campañas de vacinación na prevención de doenzas infecciosas
CA7.7 Describiuse o tipo de doazóns e os problemas que se producen nos transplantes
CA7.8 Recoñecéronse situacións de risco para a saúde relacionadas co contorno profesional máis próximo
CA7.9 Deseñáronse pautas de hábitos saudables relacionados con situacións cotiás

4.10.e) Contidos

Contidos
Fisioloxía do proceso de reprodución: aparello reprodutor e desenvolvemento embrionario.
Saúde e doenza: concepto e diferenciación.
Tipos de doenzas: infecciosas e non infecciosas; doenzas de transmisión sexual. Causas, prevención e tratamentos.
Mecanismos encargados da defensa do organismo. Sistema inmunitario.
Hixiene e prevención de doenzas. Tratamento fronte ás doenzas infecciosas. Vacinas.

Contidos

Transplantes e doazóns.

Saúde mental: prevención de drogodependencias e de trastornos alimentarios.

Hábitos de vida saudables relacionados coas doenzas máis frecuentes e con situacións cotiás.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Alimentación e saúde	25

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO
RA8 - Elabora menús e dietas equilibradas sinxelas diferenciando os nutrientes que conteñen e adaptándoos aos parámetros corporais e a situacións diversas	SI

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Utilizáronse as TIC como medio de procura de información
CA8.1 Discrimínouse entre o proceso de nutrición e o de alimentación
CA8.2 Diferenciáronse os nutrientes necesarios para o mantemento da saúde
CA8.3 Recoñeceuse a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico no coidado do corpo humano
CA8.4 Relacionáronse as dietas coa saúde, diferenciando entre as necesarias para o mantemento da saúde e as que poden conducir a unha mingua desta
CA8.5 Realizouse o cálculo sobre balances calóricos en situacións habituais do contorno
CA8.6 Calculouse o metabolismo basal e os seus resultados, e representouse nun diagrama establecendo comparacións e conclusións
CA8.7 Elaboráronse menús para situacións concretas, investigando na rede as propiedades dos alimentos

4.11.e) Contidos

Contidos
Alimentos e nutrientes: diferenciación. Recoñecemento de nutrientes presentes nos alimentos.
Alimentación e saúde. Hábitos saudables relacionados coa alimentación.
Concepto e elaboración de dietas. Tipos de dietas. Elaboración de menús.
Hábitos saudables relacionados coa alimentación. Importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os que veñen indicados en cada unidade didáctica.

Os procedementos de avaliación que imos utilizar no Módulo de Ciencias Aplicadas I para avaliar a estes alumnos/as neste curso son:

AVALIACIÓN INICIAL: servirá para coñecer, coa maior aproximación posible, o punto de partida individual e do grupo. É especialmente importante facer un diagnóstico do nivel deste alumnado debido a que proceden de distintos cursos e niveis curriculares.

CADERNO DO ALUMNO: nel inclúense tanto as informacións proporcionadas polo profesor ou investigadas polo propio alumno como as actividades que se vaian realizando. É útil para observar o traballo diario do alumno/a e para comprobar datos como a presentación, ortografía, orde, expresión escrita, etc.

O profesor revisará periodicamente o caderno e os materiais do alumno/a, xa que este supón unha parte importante da súa cualificación.

PARTICIPACIÓN EN CLASE: proporcionanos información sobre o interese do alumno, a coherencia na exposición das súas ideas e a súa fluidez verbal ao preguntar dúbidas ou expoñer as súas ideas.

Tamén nos proporcionará información sobre o seu espírito crítico e os seus valores cívicos (especialmente interesante valorar estes aspectos no ámbito social)

PROBAS OBXECTIVAS ORAIS E ESCRITAS: a través das que teremos información do grao de asimilación da materia e do uso dos procedementos.

TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN: Utilizaranse tamén como instrumentos de avaliación os traballos de investigación que poidan realizar os alumnos sobre algún aspecto concreto.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

En cada avaliación realizaranse dúas probas escritas para valorar o grao de competencia curricular en relación cos obxectivos e criterios de avaliación citados. A media aritmética dos resultados obtidos nestas probas determinará o 50% da nota da avaliación. Así mesmo, farase un seguimento do traballo persoal do alumno (realización de tarefas, caderno de clase, exposicións orais, traballos rematados e entregados en prazo, correccións na pizarra...), que suporá o 50% restante da nota de cada avaliación.

No caso de que, nunha avaliación, un alumno non acade unha puntuación mínima de cinco puntos, terá, na seguinte avaliación, unha proba de recuperación. Na terceira avaliación realizarase unha recuperación para aqueles alumnos que non superaron esta avaliación ou algunha das anteriores.

A cualificación da avaliación ordinaria virá dada pola media aritmética das tres avaliacións.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Se algún alumno non aproba algunha das avaliacións, traballará unhas actividades de reforzo referidas aos mínimos exigibles marcados, e realizará unha proba escrita donde se reflicten estes mínimos. Deberá acadar unha puntuación mínima dun 5 para recuperar a avaliación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para o alumnado que perda o dereito a avaliación continua, realizarase unha proba de avaliación extraordinaria en xuño donde o alumno terá que amosar que acadou os mínimos exigibles marcados para superar o módulo. O número de exercicios estará adaptado ao tempo que se lle deixe para facer a citada proba. Como so se valorarán os mínimos exigibles, a cualificación máxima será un 5

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para o seguimento da programación teranse en conta os seguintes indicadores de logro, que nos axudarán a reflexionar sobre a nosa actuación cos alumnos e sobre os aspectos recollidos nesta programación:

- Materiais utilizados: si foron suficientes, atractivos, fáciles de manipular e axeitados segundo a situación de ensino presencial, semipresencial e non presencial
- Planificación adecuada: número e duración das actividades suficiente, nivel de dificultade, interese para os alumnos, obxectivos ben definidos.
- Motivación dos alumnos: despertar a súa curiosidade, acadar individualmente o nivel de desenvolvemento máximo, participación.
- Atención á diversidade: explicación a nivel individual, esixencia de resultados distintos segundo as características de cada un.
- Desenvolvemento das TICs: utilización de programas e aplicacións informáticas, búsqueda de información en Internet, utilización de medios audiovisuais.
- Temas transversais: actividades relacionadas con outras disciplinas, transversalidade de temas como igualdade, tolerancia, solidariedade, educación para a paz,...

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Para a avaliación inicial realizarase unha proba escrita na que se reflicten os contidos mínimos que o alumno debería ter para poder afrontar a materia. A partir desa proba inicial trazaremos para cada alumno, e de xeito individual, unha planificación de actividades e exercicios, para procurar que cada un deles poida seguir o desenvolvemento da materia dunha forma axeitada. Ademais desa proba escrita, faranse unha serie de actividades para avaliar o nivel de competencias e outras habilidades.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Alumnos con pequenos problemas de aprendizaxe e/ou conduta as adaptacións centraranse en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía máis personalizada.
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
- Aumentar a atención orientadora

Alumnos con dificultades graves de aprendizaxe:

- Facilitaranse contidos e material de reforzo, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou de material considerados como tales.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A través desta materia traballaremos valores sociais como a liberdade de expresión, solidariedade, xustiza, igualdade, tolerancia,... En concreto, para traballar algúns deles, faremos visionado de películas onde se reforzan os valores máis importantes.. Ademais axudaremos a que os alumnos desenvolvan valores de tipo individual como liberdade, responsabilidade e esforzo persoal, prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos, vida saudable, creatividade,...

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Participación en actividades organizadas por diferentes departamentos como Orientación, Normalización Lingüística, biblioteca, etc

10. Outros apartados

10.1) Alumnado confinado

Este alumnado seguirá o transcorrer do curso a través das aulas virtuais, realizando as tarefas propostas nesta plataforma

10.2) Semipresencialidade

Hai que ter en conta que a semipresencialidade depende en gran medida dos recursos dispoñibles, o seu correcto funcionamento, espazos e tempos de traballo, xa que é posible que o profesor esté no centro atendendo a outros alumnos cando se dé unha situación de semipresencialidade.

O departamento fixará os mínimos imprescindibles neste tipo de ensinaza.

O idóneo sería que os alumnos que estean seguindo as clases dende a casa poideran seguir por videoconferencia as clases presenciais. Neste momento, as aulas non teñen dotación para realizar unha videoconferencia.

Para poder facer un seguimento do alumnado con semipresencialidade, cos medios con que contamos neste momento, usaremos como ferramenta de referencia a aula virtual, nesta plataforma subiremos actividades, pero tamén explicacións, sempre na medida do posible xa que en moitas ocasións serán materiais novos que haberá que realizar para a situación. As explicacións terán que ser vídeos curtos feito polo profesor na súa casa, as actividades adaptadas ao alumnado, sendo concretas e cos obxectivos sinxelos e claros.

Recalcamos que nesta situación de semipresencialidades, os medios adecuados para poder facer videoconferencias en directo dende o centro.

10.3) Non presencialidade

1. As actividades terán que ser adaptadas ao confinamento con obxectivos pedagóxicos claros e primando a obtención dos obxectivos mínimos da programación

2. Utilizaremos a plataforma da aula virtual Moodle do IES de Fene, para facer o seguimento do alumnado, na plataforma poremos explicacións curtas e concisas para que o alumno poida seguir a materia por el mesmo. Estas explicacións consistirán en vídeos curtos, pequenos textos con exemplos gráficos claros e libros na aula virtual.

3. Os aplicativos utilizados serán todos de libre distribución, multiplataforma ou serán aplicativos web. No caso que sexa necesario poremos na aula virtual vídeos explicativos de funcionamento e instalación.

4. As actividades serán exercicios independentes e relacionadas coas explicacións subidas á aula virtual, estas actividades terán a maior claridade posible e non teran diferentes interpretacións.

Estas actividades poden ser:

Exercicios, como moito tres ou catro exercicios a entregar nun tempo determinado en relación coas explicacións. O obxectivo e interiorizar os conceptos e ver a aplicación práctica.

Actividades de búsqueda da información, na que será valorada a orixinalidade e o análise da información. No caso de dúbida da

orixinalidade (casos dunha linguaxe que non se corresponde coa madurez ou evolución do alumno) esté terá que contestar a cuestións relacionadas co traballo para ser valoradas positivamente, as actividades que sexan claramente iguais serán valoradas negativamente.

Cuestionarios nos que o acceso a búsqueda de información é libre, pero terán un tempo de resposta delimitado.

Clases por videoconferencia, estas clases terán como obxectivo facer seguimento do traballo do alumno, resolver dúbidas, fomentar aos alumnos a ter uns hábitos adecuados de traballo necesarios para afrontar este tipo de situacións.

No que respecta aos criterios de cualificación as actividades propostas ao alumnado terán unha porcentaxe na nota do 70%, e os cuestionarios ou exames propostos un 30%.